

NOTAS AO PROGRAMA

O programa deste domingo dá comezo cunha das miñas primeiras obras, "La Catedral". Trátase dunha breve peza para quinteto de trompetas, escrita nunha especie de estilo neo-barroco. Case todas as obras do meu primeiro período creativo quedaron descatalogadas, debido á súa excesiva inocencia e inmadurez, non obstante este quinteto non sufriu esa sorte dado que o famoso trompetista francés Guy Tournon escoitoua e propiciou a súa publicación na prestixiosa editorial parisiense Gérard Billaudot. Adoito contar que aquilo foi un punto de inflexión, posto que acudín a un curso co citado solista como alumno de trompeta, e saín de alí cunha carta de recomendación para a que sería a miña primeira obra editada, e desde entón decidín dedicarme á composición de forma máis seria, e non como pura diversión como ata entón. Anécdota aparte, a obra non posúe maior valor, máis aló do seu idóneo tratamento instrumental. Prosegue o noso concerto cun "prato forte", posto que a "Serenata" op. 44 de Dvorák, é sen dúbida unha xoia no repertorio orixinal para ensemble de ventos, aínda que nesta ocasión, coa participación da corda grave, que foi engadida a posteriori da estrea. O compositor bohemio, considerado como máximo representante do nacionalismo musical checo, foi un dos máis grandes da segunda metade do século XIX. Dedicou a súa "Serenata" ao compositor e crítico Louis Ehlert, a quen estaba moi agradecido polas súas críticas cara ás "Danzas Eslavas". A estrea produciuse o 17 de novembro de 1878 nun concerto monográfico sobre as obras de Dvorák, no que dirixiu el mesmo á Orquestra de Praga. A obra, escrita inmediatamente despois da ópera "El campesino astuto", recolle algunhas características das danzas típicas eslavas, e fusiona moi ben elementos do folclore coa súa mestría sinfónica.

Xa na segunda parte expomos un marcado contraste entre as obras programadas. Por unha banda a beleza de música orixinal para banda de corte vangardista, e por outra a non menos bela e tradicional zarzuela, arranxada para banda. Empezamos cunha obra, que a

pesar de estar escrita entre decembro de 1970 e xaneiro do 71, foi estreada en Europa en 2005, a cargo da banda do CIM de Mislata, baixo a dirección de quen escribe estas notas. Leonardo Balada é un dos mellores e máis persoais compositores da súa xeración, que na actualidade segue sorprendentemente en activo, cunha axenda internacional a cabalo entre as súas clases na universidade Carnegie-Mellon de Pittsburgh, e as súas viaxes por todo o mundo. Ademais de estreir en Europa a súa sinfonía para banda cábeme a honra de ter un estreito contacto co mestre Balada, de quen aprendín moito asistindo aos seus cursos. Do mesmo xeito que comentamos no caso de Dvorák, "Cumbres" é tamén un "prato forte" do noso repertorio orixinal, porque non abundan as obras desta calidade e que exploren a linguaxe textural e aleatoria, de maneira tan convincente. De feito trátase dunha obra escrita case ao mesmo tempo e co mesmo estilo que unha das obras máis recoñecidas do autor catalano-americano, o seu "Steel Symphony", gravada por Lorin Maazel á fronte da Orquestra Sinfónica de Pittsburgh. É ademais a única de entre as súas seis sinfonías escrita orixinalmente para banda. Segue o noso programa cunha breve e peculiar obra, "La Fundación de Acero" do compositor ruso Alexander Mossolov. Ten en común con Leonardo Balada, o contar no seu catálogo con seis sinfonías, e catro óperas, e pola temática da súa obra antóllasenos un complemento perfecto. Datada en 1927 (op. 19), provén do ballet "Acero", e ademais de ser a súa peza máis popular, é un exemplo do vangardismo que se practicou na época soviética. Curiosamente, nas partituras que temos no noso arquivo non figura o nome do transcriptor para banda, pero a verdade é que é notorio que a finais da década dos 70 e principios dos 80 foi unha obra que formou parte do repertorio da BMMC. Julio Andrade Malde, no seu excelente libro sobre a nosa banda cualifícaa certeramente como "obra de notable interese dentro da súa concepción descritivo-mecanicista". Énos grato recuperar esta partitura que inexplicablemente caeu no esquecemento. E para concluír interpretaremos a famosísima selección dunha das zarzuelas máis coñeci

das "La leyenda del beso", escrita por un galego (R. Soutullo) e un valenciano (J. Vert), e que sempre formou parte do repertorio universal das bandas sinfónicas, e en especial da nosa. A zarzuela, dividida en dous actos, foi estreada con gran éxito no Teatro Apolo de Madrid, o 18 de xaneiro de 1924, con libreto de Enrique Reoyo, José Silva Aramburu e Antonio Paso. A indubidable calidade da música propiciou que algunha das súas melodías fosen versionadas innumerables veces, como no caso do intermedio, ao que o grupo Mocedades puxo letra no tema "Amor de hombre".

Andrés Valero-Castells
www.andresvalero.com

PROGRAMA

DVORAK / CONTRASTES

I PARTE

LA CATEDRAL para quinteto de trompetas (1991-AV4) **
Andrés Valero-Castells (1973)
SERENATA op. 44 en Re menor, para ventos (1878) **
Antonin Dvorák (1841-1904)

I Moderato quasi marcia
II Menuetto
III Andante con moto
V Finale

II PARTE

CUMBRES, SINFONÍA Nº 2 (1970-71)**
Leonardo Balada (1933)
LA FUNDICIÓN DE ACERO, op. 19 (1927)
Alexander Mossolov (1900-1973)
LA LEYENDA DEL BESO, selección (1924)
Reveriano Soutullo (1880-1932) e Juan Vert (1890-1931)
arranxo de M. San Miguel

** Primeira audición BMMC

Nota: polo ben de todos prégase desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



ANDRÉS VALERO-CASTELLS

(director)



(Silla, 1973). Fómase nos CCSS de Valencia e Murcia, titulándose en 8 especialidades, con 4 Mencións de Honra e Premio Fin de Carreira. Foron os seus profesores máis destacados R. Ramos, L. Balada, E. García Asensio, E. Cifre, M. Galduf, J. M^a Vives, V. Campos, etc. Asistiu a cursos de perfeccionamento con B. Ferneyhough, J. Rueda, J.M. López, C. Halffter, T. Marco, L. de Pablo, M. Hernández Silva, P. Sánchez Torrella, etc. Obtivo o Diploma de Estudos Avanzados (D.E.A.) pola UCV. Desde 2004 ocupou unha cátedra no Conservatorio Superior "J. Rodrigo" de Valencia.

Desde que en 2001 gañase o "A. Gaos" na Coruña, e estrease coa OSG, desenvolveu unha intensa carreira como compositor, director, e docente. Recibiu premio e distincións en Francia, Italia, EEUU e España. As súas obras interpretáronse na maior parte de Europa, América e Asia. As súas partituras están editadas en España, Francia, Suíza e EEUU. No terreo sinfónico estreou coas sinfónicas de Valencia, Galicia, Córdoba, Murcia, RTVE, Nacional de España, The World Orchestra, solistas do Covent Garden, Filarmónica de Medellín, Baltic Neopolis, etc. Conta cunha ampla discografía, realizada en España, Noruega, Francia, Suíza, Holanda, EEUU e Xapón. Foi directivo da Asociación de Compositores Sinfónicos Valencianos; residente do Festival Internacional Spanish Brass, e da Nova Orquestra da Generalitat

Valenciana. É membro de número da M.I. Academia da Música Valenciana.

Foi Director Principal Convidado da Orquestra e Banda Primitiva de Lliria; fundador do ensemble Estudi Obert; director das bandas da SAM de Picassent, o CIM de Mislata, e a Lírica de Silla; como convidado dirixiu entre outras formacións, a Orquestra de Valencia, as Bandas Municipais de Valencia, Madrid, Barcelona, Alacante, A Coruña, Santiago de Compostela, etc., así como a banda da FSMCV, a de Musikene, a Artística de Buñol, o Día da Música Valenciana, etc. Dirixiu estreas absolutas e nacionais de L. Balada, H. Mertens, M. Daugherty, S. Sciarrino, de L. Berio, R. Mira, F. Tamarit, Ll. Barber, J. Lord, etc. Dirixiu en varias ocasións ensembles, ópera en concerto, e bandas sinfónicas no Festival Internacional de Música Contemporánea de Valencia Ensembles. Ademais a súa versatilidade levoulle a abordar proxectos singulares como a gravación dun dvd para Sony co grupo de rock Barón Rojo e o CIM de Mislata.

www.andresvalero.com

VINDEIROS CONCERTOS

PAZO DA ÓPERA

6 de marzo

20 de marzo

3 de abril

30 de abril

PAZO DA ÓPERA

28 DE FEBREIRO - 12.15 H.

DIRECTOR:

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

**TEMPADA
2015/2016**



Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es

